


Socios do proxecto e Mapa



Xefe de fila:

- InvestitionsBank des Landes Brandenburg, Alemaña

Socios:

- State of Brandenburg, representado por State Chancellery, Alemaña
- Free State of Sajonia, representado por State Chancellery, Alemaña
- West Regional Authority, Irlanda
- Central Bohemian Authority, República Checa
- Regional Council of North Karelia, Finlandia
- Xunta de Galicia, España
- Province of Limburg, Holanda
- Region de Veneto, Italia
- Lower Austria Health and Social Fund, Austria
- BSC- Business Support Centre Ltd., Eslovenia
- Lower Silesian Centre for Social Policy, Polonia
- "CENTRU" Axencia de Desenvolvemento Rexional, Romanía



O Programa **INTERREG IVC** enmárcase no obxectivo de Cooperación Territorial Europea das políticas de Cohesión Social para o período 2007-2013. Está financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

Contacto DART

Xunta de Galicia
Consellería de Traballo e Benestar
Subdirección Xeral de Inclusión Social e Cooperación coas CC.LL.

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15803- Santiago de Compostela


Tel.: +34 981 54 00 00
info@dart-project.eu

Podes atopar máis información e subscribirte ao boletín en

www.dart-project.eu



photos by: www.pixelio.de



Declining, Ageing and Regional Transformation

O cambio demográfico nas rexións europeas



Cales son os antecedentes de DART?

No 2030 unha de cada tres persoas en Europa terá 60 ou máis anos. Os baixos índices de fertilidade e a migración están a conducir ao despoboamento. O baixo volume de poboación, a conseguinte contracción da demanda rexional



Que resultados se espera obter?

DART dirixese ás rexións en proceso de declive demográfico. O obxectivo xeral de DART é a formulación dunha estratexia integrada que combine tres elementos: Educación e Formación ao longo da vida, Atención sanitaria e Servizos



Como se acadarán?

Intercambio de experiencias

DART identificará e intercambiará boas prácticas que fortalezan a economía en todas as rexións socias, así como os servizos educativos e de atención sanitaria.



e a falla de persoal cualificado fai perigar a prestación de servizos públicos e privados axeitados e a sustentabilidade da economía de base das rexións.

Abordar este desafío demográfico é unha das máis grandes tarefas da Unión Europea, tal e como se estableceu en “Rexións 2020- Valoración dos futuros desafíos para as Rexións da UE”, e a iniciativa Europea “Rexións para o Cambio Económico”.

O Despoboamento, o Envellecemento e a Transformación Rexional (DART) son retos para moitas rexións de toda Europa. Por esta razón, 13 rexións –afectadas polo envellecemento e un proceso de desertización humana– están a cooperar para unha aprender de xeito comparativo, identificar e transferir solucións axeitadas.

Existen xa moitos proxectos co obxectivo de previr a espiral negativa. Isto supón unha oportunidade de esquematizar e intercambiar esas experiencias, para apuntalalas con indicadores estándar e adaptados e elaborar solucións innovadoras e integradas que posibiliten manter a calidade de vida e mellorar a inclusión social das áreas envellecidas e en situación de despoboamento para todas as xeracións.

Sociais, así como Economía Tradicional e Innovadora. Para iso realizaranse actividades de intercambio de experiencias, de identificación de boas prácticas e cooperación interrexional. Todo iso contribuirá a mellorar a efectividade das políticas de desenvolvemento rexional.

Dentro das rexións DART hai varios proxectos relativos ao cambio demográfico. Sen embargo, moitos deles céntranse en solucións sectoriais específicas. DART quere adaptar as políticas relativas ao cambio demográfico a través da implantación de:

- Boas prácticas das rexións asociadas e derivadas de proxectos anteriores
- Novos produtos e servizos para mellorar a calidade de vida, especialmente nos novos campos de negocio para as PEMEs, e
- Establecer indicadores que permitan realizar comparacións entre rexións

DART aumenta a conciencia sobre o cambio demográfico e comunica os feitos e oportunidades deste a todos os grupos de interese da política rexional.

As mellores prácticas transferiranse a outras rexións. Os socios organizarán tres conferencias principais nas áreas temáticas de:

- Economía Tradicional e Innovadora: primavera de 2011 en Desdren, Alemaña
- Educación, Formación ao longo da vida e Mercado de traballo: verán de 2011 en Praga, República Checa
- Atención sanitaria e Servizos Sociais: primavera de 2012 en Kainuu, Finlandia

Celebraranse cinco visitas de estudo e oito encontros e grupos de traballo en case todas as rexións implicadas.

Recomendacións políticas

DART definirá indicadores comúns para medir o cambio demográfico e o decrecemento poboacional nas rexións europeas de acordo á Estratexia de Lisboa e sucesivas. Eses indicadores permitirán a análise e comparación dos datos procedentes de diferentes rexións.

DART achegará recomendacións políticas para as rexións e grupos de interese europeos.